

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de abril de 2023**

Ás 17.40 horas do día 20 de abril de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE MARZO DE 2023.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de marzo de 2023.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 23 de marzo de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE COMISIONADOS DE FILMACIONES, CINE Y TELEVISIÓN (SPAIN FILM COMMISSION)”.**

A **presidenta da comisión** indica que estamos xa na Galicia Film Commission e procede, polos beneficios que pode traer, estar tamén na española. Pasa a continuación a quenda de intervencións.

**Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, pregunta como se van seleccionar os espazos nos que se van rodar as películas. Pregunta se se van poñer en contacto cos concellos e como é o proceso.

A **presidenta da comisión** responde que por experiencias previas que tivo de rodaxes, as películas teñen normalmente localizadores, que se encargan de buscar os lugares máis idóneos de acordo co guión da película. Hai varios concellos que tiveron a experiencia de vivir rodaxes e fíxose así. Normalmente rodan en varios concellos á vez. As propias produtoras fan o labor de localización. Indica que na provincia temos espazos de películas en case todos os nosos concellos, temos moita riqueza nese sentido porque somos moi naturais aínda.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista**, pregunta que fan estes intermediarios de esta asociación.

A **presidenta** responde que fan de nexo de conexión.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista**, entende que nesta asociación buscan os espazos vendibles para certas películas e logo enviárllo ás produtoras. Eles entenderan iso. Se fan iso cada concello ten peculiaridades que alguén ten que mostrarllas.

A **presidenta da comisión** responde que unha vez que esteamos dentro, reunirase e abrirán un prazo para que os concellos mostren os lugares. Pero quen decide en que concello se vai rodar, en último lugar, é a produtora. Rodáronse películas en diferentes lugares no Xurés, Ourense, Celanova, Ribadavia, Barbadás. Conforme se van rodando máis películas, son máis os espazos e os localizadores danse conta e quedan coas localizacións. Entende que se estamos na de Galicia deberíamos estar tamén na española.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista**, pregunta canto se paga na Asociación de Galicia.

**A presidenta da comisión** responde que neste momento non o sabe. Na presentación faláron do impacto do cine a nivel galego. Do investimento de vinte e tres millóns e o impacto era de máis de cen millóns de euros. É un sector económico que move moito ao redor.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**1º.-** Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación Española de Comisionados de filmaciones, cine y televisión (Spain Film Commission)”, designando como representante da Deputación á “Ourense Film Commission”, dependente da Área de Cultura e Deporte da Deputación Provincial.

**2º.-** Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

**3º- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formulan.

E, ás 17.46 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.